



Fuxan os Ventos, nunha foto dos seus primeiros anos como grupo.

FUXAN OS VENTOS ► Chegar aos 50 anos e seguir existindo aínda como un grupo musical é algo totalmente inédito. Fuxan os Ventos, un nome que fixo historia na música galega, conseguíuno. Máis de trinta voces pasaron en todo este tempo pola agrupación. Delas, tres seguen aínda aí, medio século despois. Para todos eles, Fuxan foi algo máis que música.

Os 50 anos dun grupo que fixo toda unha sementeira

TEXTO: **SABELA CORBELLE**
FOTOS: **EP**

AQUEL 27 de novembro de 1971, cando Xoán Fuertes e Xosé Luís Rivas Cruz 'Mini' viñan de tocar na misa dos sábados no antigo pavillón da Oje —hoxe, da Deputación— non se imaxinaban que recibirían un convite que lles cambiaría a vida. Era a proposta do cura substituto que oficiou a misa de que eles dous e máis outros tres rapaces, que tamén tocaban nesa misa, participasen noutra que se emitía ao día seguinte por Radio Popular e na que cantaba o coro feminino do internado Santísimo Sacramento, dirixido por ese mesmo cura, Xesús Mato.

A resposta foi si e aquel domingo presentáronse á misa para unir as súas voces ás das rapazas. Eses cinco rapaces acabarían fundando con seis rapazas do coro un grupo

que se xuntaba para cantar entre eles pezas do folclore suramericano, galego e castelán. Primeiro non tiñan nome. Despois puxéronse Folk 72 para ir a un concurso que había nas San Lucas, en Mondoñedo, animados por Xesús Mato que, por riba, compuxo a canción que levarían ao certame, titulada 'Fuxan os ventos'.

Gañaron e, sen querelo nun principio, esta peza sería o bautizo do grupo. A partir de entón, chamaríanse Fuxan os Ventos e converteríanse nun grupo que fixo historia na música galega. Medio século despois, tres daqueles rapaces —Xoán Fuertes, Tereixa Novo e Carmen Vázquez— aínda seguen vencellados ao grupo. Polo camiño quedan máis de trinta voces e dez discos. Tamén houbo desencontros e rupturas. Pero, botando a un lado as diferenzas, en todos

eles Fuxan deixou unha fonda pegada pois naquel grupo de rapaces había algo máis que música.

A creación ► **«Mato axudounos pero o grupo foi cousa nosa»**

Xoán Fuertes foi un daqueles rapaces adolescentes que un bo día decidiron formar un grupo para cantar en público varias das pezas que tarareaban nos ensaios. Tiña daquela 16 anos. Hoxe ten 66 e segue aínda en Fuxan. «Nós eramos cinco rapaces que, a principios de 1972, decidimos facer un grupo de música folk ao estilo de Nuestro Pequeño Mundo. Sabido isto, Xesús Mato seleccionou seis rapazas do coro Santísimo Sacramento. Aí foi onde naceu o grupo, por iniciativa nosa. Mato axudounos: facilitounos un local para ensaiar e tiña contactos con outros cregos

a través dos cales conseguimos actuar en teleclubs, pero o grupo foi cousa dos rapaces», insiste.

Outro dos fundadores, Ángel Pérez Otero 'Geluco', lembra as habaneiras que cantaban daquela no novo grupo pero tamén as misas de Radio Popular. «Alí cantabamos aquela que dicía «Madre de todos los hombres enséñanos a decir amén» pero no grupo íamos metendo cancións en galego, a proposta de Mato, como 'María Soliña'», conta.

O grupo foi bautizado a mesma noite que gañaron en Mondoñedo. «Á volta cara Lugo, viñamos todos eufóricos e paramos en La Palloza. Alí foi cando discorremos poñerlle o nome da canción ao grupo. E quedou Fuxan os Ventos», di Xoán Fuertes.

Pola historia de Fuxan pasaron máis de trinta voces. Os tres máis

veteráns levan 50 anos pero hai outros seis integrantes actuais de Fuxan que suman catro décadas co grupo.

O éxito ► **«O secreto foron as melodías e as voces»**

Aquelas voces ben ensambladas lograron levar aos escenarios o galego e a música tradicional sen equipos de son e apenas instrumentación. «O segredo do éxito de Fuxan foi a harmonización das voces e as melodías. Podes ter interese en chegar ao público pero como non haxa melodía... Ninguén recorda cancións de Voces Ceibes e fixeron unha acción política importante xogándose o tipo cantando en galego, pero fallaban as melodías», di Xoán Fuertes.

Fuxan os Ventos foron collendo cada vez máis sona e había días de ata tres actuacións nun mesmo sitio. A súa música calaba na xente e a xente pedía un disco. A gravación dun disco que, en teoría, gañaron en Mondoñedo pero que nunca se chegou a producir. «En 1976 fomos a Madrid Mini e eu en tren cunha bolsa de deportes e unha cinta de casete gravada nunha igrexa para que houbese máis eco. Fomos á Philips e chegamos a un acordo para que nos gravasen con moi pouco beneficio pero, a cambio, tiñamos liberdade para editar as carpetas dos discos. Nós (Mini, Mato e eu) estabamos en contra da comercialización da cultura, pensabamos que non había que venderse. Iso deu lugar a que, ao final, eu e Mini deixásemos o grupo. A última actuación con Fuxan foi no Gran Teatro, en decembro de 1982», explica Baldo-mero Iglesias 'Mero'.

A lingua ► **«Cantabamos nunha fala menosprezada»**

Fuxan os Ventos recorreu moitos dos teleclubs que, naqueles primeiros anos da década dos setenta, había nas parroquias galegas e tanto actuaron alí como en palleiras ou en teatros. Levaban o galego e a música tradicional aos escenarios e chegaban a toda a xente. Primeiro sen quere-lo e despois queréndoo foron facendo a súa sementeira cultural. «Pouco a pouco fomos metendo cancións galegas e en abril de 1974 só cantabamos un tema en castelán, 'La emigración'. Foi unha evolución que veu por inercia. A situación política tamén influía: o final da Transición e o xurdimento do Movemento Popular da Canción Galega», conta Xoán Fuertes.

O grupo acabou, en pouco tempo, elixindo cantar só en galego. Algúns non estiveron de acordo, o que deu lugar ás primeiras disensións entre os seus membros. «En Fuxan había un protagonismo da lingua e a música galegas. Queríamos ser relatores do tempo e facer unha concienciación social. Todos



ÚLTIMO ADIÓS ▶ **Pascual González** Cantante y fundador del grupo Cantores de Híspalis
El también compositor falleció ayer debido a un cáncer que sufría desde hace unos años

Baldomero Iglesias 'Mero'

En 1976 fomos á Philips Mini e eu no tren, cunha bolsa de deportes e unha casete gravada nunha igrexa para que houbera máis eco»

Cantabamos nos teleclubs e en paleiras pero tamén no Club do Mar, na Coruña, onde nos vía, con seus pais, o escritor Manuel Rivas»

Ángel Pérez Otero 'Geluco'

Cando aínda non eramos Fuxan cantabamos na misa cancións como 'Madre de todos los hombres enséñanos a decir amén'»

Xosé Luís Rivas 'Mini'

Prohibesenos cantar poemas de Cabanillas e a Juan Pardo non. Había presión política cara nós e eu tiven que ir aprobar as oposicións fóra de Lugo!»

Fixemos da música tradicional unha arma de cambio, unha certa revolución. Había xente que ata nos tiña medo!»

Paco Nieto

Nunha actuación, no teleclub de Castro, entrou a Garda Civil e pechou o concerto. E no Pavillón do Obradoiro, corremos diante dos grises»

Nós faciamos folk, pero non canción protesta. Ás veces había conciencia política e outras, inconsciencia»

Tereixa Novo

Tiven que aturar 50.000 rifas de meus pais que non entendían que houbera que actuar moitas veces sen chegar a gañar un peso!»

Xoán Fuertes

Levamos anos nos que a nosa dedicación ao grupo non é total pero Fuxan os Ventos non morreu nunca. Quizais porque no noso ánimo sempre está facer máis»



Os actuais compoñentes de Fuxan os Ventos.

non estaban de acordo con iso e isto deu lugar a escisións. Entre outras cousas, polas discrepancias coa lingua», comenta Mero.

Resulta estraño que, aínda na ditadura, un cura, Xesús Mato, andase polo medio dun grupo que cantaba en galego. «O grupo foi promovido por Mato, un cura, pero un cura estraño. Non era dos belixerantes pero amparaba as nosas ideas. El non tiraba do carro pero, nun tempo gris, axudaba a facer un soño. Cantabamos nos teleclubs e en paleiras pero tamén no Club do Mar, da Coruña, onde nos vía o escritor Manuel Rivas cando ía alí cos seus pais», di Mero.

A defensa do idioma e da cultura galega de Fuxan non gozaba da simpatía dos que mandaban, pero sobreviviron ás presións. «Nós regresabamos ás aldeas e cantabamos nunha fala menosprezada. Había conciencia de galeguismo no grupo e había un montón de xente que nos apoiaba por cantar en galego. Pasábanos contactos para recoller a tradición. A nós prohibesenos cantar poemas de Cabanillas e, en cambio, Juan Pardo gravou algunha canción. Había unha presión política cara nós. De feito, eu tiven que ir aprobar as oposicións fóra de Lugo! E houbo algunha canción que tivemos que reconverter pola censura», lembra Xosé Luís Rivas Cruz 'Mini'.

A política ▶ «Enchemos de mensaxes unha época»

A través da música e das súas letras, Fuxan os Ventos ía abrindo

as portas dunha Galicia que esperaba á democracia. Para moitos, este grupo foi un mobilizador político. «Todos os curas falan con eufemismos e a canción 'Fuxan os ventos' era unha esperanza cantada, o comezo de algo, de romper xugos vellos e avanzar», di Mero.

Moitas das cancións levaban unha mensaxe. Fuxían uns ventos, si, pero chegaban outros. Eran tempos de cambios, de aperturas, de compromiso. «Enchemos de cancións e mensaxes unha época facendo da música tradicional unha arma de cambio, unha certa revolución. Había xente que nos tiña medo!», conta Mini.

Fuxan os Ventos non tiña a intención política da música de Voces Ceibes pero, aínda así, as súas cancións eran molestas. «Nunha actuación, no teleclub de Castro, entrou a Garda Civil e pechou o concerto. Tamén lembro unha vez que cantamos no Pavillón do Obradoiro, en Santiago, e botamos unhas carreiras diante dos grises. Algúns pensaban que eramos a continuación de Voces Ceibes, pero non. Nós faciamos folk, pero non canción protesta. Ás veces había conciencia política e outras, inconsciencia», comenta Paco Nieto.

A pegada ▶ «Foron 50 anos vivindo por e para Fuxan!»

Fuxan os Ventos marcou as vidas non só de quen oía aquelas voces cantando en galego. Todos os seus integrantes quedaron marcados polo grupo onde se forxaron ami-

zades. «Eu tiña 15 anos cando entrei en Fuxan e hoxe teño 65 e sigo aí. Foron 50 anos vivindo por e para Fuxan! Fuxan foino todo, foi o meu despertar político e á vida. Tiven que aturar 50.000 rifas de meus pais que non entendían que houbera que ensaiar e actuar moitas veces sen chegar a gañar un peso!», conta Tereixa Novo.

Tamén se xeraron inimidades. A marcha de Mini e Mero en 1982 supuxo un antes e un despois. E hai aínda feridas sen pechar.

«En 1986, Fuxan os Ventos denunciáronnos a min e a Mini por utilización ilícita do nome do grupo nun cartaz dunha actuación da Quenlla onde poñía que eramos exmembros de Fuxan. Os que quedaron no grupo rexistraron comercialmente o nome sen contar con Mato e iso pareceume mal porque el foi o impulsor do grupo e compuxo a canción que deu nome á formación. Se falasen con el, seguro que llelo regalaba sen problemas. Polo demais, sentín unha navallada nas entrañas cando vin as sinaturas dos meus compañeiros naquela denuncia. Non daba creto e tamén sentín vergoña allea por todo isto que chegou a pasar entre nós», conta Mero.

Ese desencontro nun grupo que antes era de amigos deixou, como di Mero, un certo «amarguexo» na súa relación co grupo.

«Fuxan foi un soño pero o final foi dramático e deixou un certo amarguexo. No grupo había unha suma de vontades, unha cohesión social que despois non se produciu e iso termina por xerar certa

frustración e trauma. Todo isto non supuxo só deixar de estar no grupo. Por riba, perdín amigos», confesa Mero.

O grupo hoxe ▶ «Hai 15 cancións que sacaremos este ano»

Fuxan os Ventos sobreviviu medio século á censura, aos enfrontamentos entre vellos amigos e aos novos tempos. O grupo segue aí pero a súa actividade é moi pequena. «Levamos anos nos que a nosa dedicación ao grupo non é total. A forte foi ata 1989. Pero Fuxan os Ventos non morreu nunca. Quizais porque no ánimo de nós sempre está que, nalgún momento, faremos algo máis. Agora mesmo temos unhas 15 cancións gravadas que contamos con sacar este ano, coincidindo co medio século de vida do grupo. Supoño que serán as últimas porque agora mesmo somos nove e sete xa estamos xubilados! Así que este ano actuacións non haberá pero gravacións quizais si», di Xoán Fuertes.

Tereixa Novo tamén reconece que estes últimos anos houbo altos e baixos pero di que o grupo aínda segue vivo. «Chega un momento en que a esixencia do nivel musical que alcanzas como grupo non che permite ensaiar dous días á semana porque tes fillos, traballo, cambios de residencia, maiores... Iso foi o que nos pasou pero sempre fomos un grupo de amigos. Durante moitos anos, pasamos as fins de ano todos xuntos e seguimos xuntándonos para cantar», afirma.